
Constituído o Foro SI-Galicia

- Actualizado (16.09.2005)

O día 18 de abril levouse a cabo a xuntanza previa á constitución do Foro SI-Galicia nas dependencias da Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento da Xunta de Galicia. Este é un foro aberto promovido pola Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento dirixido a promover a extensión da Sociedade da Información e a implantación do Comercio Electrónico en Galicia. O foro conta coa participación das Universidades galegas, entidades financeiras, asociacións empresariais e diferentes Departamentos da Xunta de Galicia quedando aberto a inclusión posterior de novos membros.

<http://www.si-galicia.org>